

10  
ideas  
claras  
para

**Culleredo**



Programa Eleccións  
Municipais 2019





1. Enrique Antonio Chouciño Garrido
2. María Beatriz Pérez Mosquera
3. Gonzalo Méndez Mosquera
4. Lorena Curros Neu
5. Jorge Longueira López (Indep.)
6. Alba Pérez Barros
7. Verónica Ribadulla Deschamps (Indep.)
8. José Luis Torres Arcas
9. María Dolores Castelo Canzobre
10. José Luis Núñez Calixto
11. Xosé María Bello Pose
12. Ana María Barbeito Caamaño
13. Iván Pardo Silva
14. María López Dans

15. Fco. Xabier Rioboo Núñez
16. Enriqueta Regueira Catoira
17. Ana Belén Veloso Rodríguez
18. Carlos Enjamio Carreira
19. José Antonio Castro Pardo
20. Narcisa Vázquez Varela
21. José García Alfonso

#### **SUPLENTES**

22. Ana María Calvo Conchado
23. José Carlos Fernández Andón
24. Manuel Anxo García Díaz
25. María Carmen Barros Sánchez
26. Antonio García García

# Introdución

Culleredo ocupa un lugar central na puxante comarca da Coruña. Esta situación xera oportunidades e fortalezas que hai que saber aproveitar. Somos dos poucos concellos de Galiza con puxanza demográfica. Ás veces parece que quen nos goberna, a todos os niveis, ve niso un problema, cando se trata dun camiño cheo de oportunidades. Temos que ser o exemplo a seguir para a construción da Galiza do futuro.

Demandante e xeradora de recursos e servizos ao nivel do século XXI. Impulsora dunha sociedade xusta, igualitaria, creativa, orgullosa do seu pasado, consciente do seu presente e visionaria optimista do seu futuro.

A veciñanza de Culleredo, diversa, xove, moderna, integradora, debe ser o centro das decisións das autoridades. O goberno local non estivo nos últimos anos á altura da sociedade cullerdense. Non serán nunca os intereses das empresas, dos especuladores, senón os do interese xeral, do común, da xente, os que dirixan o goberno do BNG en Culleredo. Que non haxa nada que ocultar. Que as paredes do Concello sexan de cristal. Que aqueles que pretendan empregar o Concello para beneficio propio, atopen o rexeitamento do goberno municipal.

Queremos que te sumes a este proxecto, máis alá do que pase o día 26 de Maio. Non deixamos de traballar nin un só día, sábeno ben todas as asociacións, as persoas, os colectivos, o pobo todo que nalgún momento sentiu a necesidade de que alguén lle botara unha man nos seus problemas. Somos xente traballadora e trasladamos a nosa cultura do esforzo ao traballo municipal.

Sempre soubemos estar á altura da situación onde a veciñanza nos soubo colocar. A partir do día 27 de Maio habemos de sabelo tamén. Porque lle queremos ben a este pobo, porque aquí nacemos ou botamos as raíces, porque queremos velo medrar sen ser portada de xornais por situacións vergoñentas, porque non podemos ver poboacións enteiras, como a de Vilaboa, abandonadas durante décadas, porque queremos que se nos coñeza por recuperar unha Ría do Burgo onde “as ameixas nos comían os pés”, por uns servizos educativos e culturais de referencia, por uns ríos que sexan destino preferente de pescadores e ornitólogos de toda Europa, por un Monte Xalo onde a rapazada poida ter a mesma educación ambiental, a mesma relación co mundo, que tivemos os que fomos mozos e mozas nalgún tempo pasado...

Desde o BNG temos feito o diagnóstico do que Culleredo precisa e temos analizadas as respostas necesarias. Xuntamos o equipo que sabe aplicalas e temos o convencemento e a firmeza en que transformaremos o noso municipio nun lugar de excelencia en calidade de vida, onde a veciñanza se coñeza e se recoñeza e presuma por todo o mundo de ter participado na transformación cara a un modelo a imitar.

# 01

## Un Culleredo aberto e participativo

Culleredo merece un goberno que poña os servizos públicos ao servizo da cidadanía, e non nas mans duns poucos, os de sempre, aqueles que buscan o beneficio individual fronte á mellora do colectivo. Precisamos...

### Un Concello profesional e eficaz...

No que o bo goberno estea sempre garantido e no que haxa tolerancia cero coa corrupción. No que o goberno pase da foto á acción, deixando de buscar a foto de portada, para poñerse a traballar en levar a cabo os proxectos que se prometen. No que se eliminen actitudes clientelares e caciquís de xeito que toda a veciñanza teña os mesmos dereitos e o acceso aos servizos públicos estea garantido, sen depender de prebendas ou favores. No que a administración traballe de xeito estritamente profesional, avanzando cara a administración electrónica, de tal modo que a veciñanza poda realizar o maior número posíbel de xestións municipais na rede, co establecemento dun rexistro virtual e coa renovación da web. No que o traballo do concello estea planificado e non suxeito á improvisación ou ao oportunismo electoral.

### Un Concello transparente...

No que se cumpra a Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establecendo un mecanismo de rendición de contas de carácter público e accesíbel. No que os traballadores municipais estean ao servizo da veciñanza e non do goberno. No que toda a información municipal (actas dos plenos, relación de postos de traballo, retribución dos cargos políticos, orzamento e a súa execución...) sexa accesíbel á veciñanza con facilidade e rigor. No que a comunicación do Concello sexa plural e apartidaria. No que os Plenos municipais sexan retransmitidos en directo. No que os resultados dos concursos públicos de calquera índole sexan difundidos inmediatamente trala súa resolución.

### Un Concello participativo...

No que a veciñanza teña parte na xestión do Concello, tendo a posibilidade de levar propostas aos Plenos municipais. No que se deixen de manipular as decisións dos

Consellos de Participación e no que se fomenten propostas da veciñanza ás que destinar parte dos investimentos municipais a través dos orzamentos participativos. No que todas as entidades sociais non só teñan voz, senón que teñan parte na xestión dos seus ámbitos. No que se porán en marcha órganos parroquiais de participación para que haxa unha democracia participativa real.

## **Un Concello reivindicativo...**

No que o goberno non se limite a desenvolver as competencias municipais, senón que actúe tamén politicamente en beneficio da veciñanza coas reclamacións necesarias ante outras administracións.

# 02

## **Un Culleredo para vivilo**

Os concellos do BNG, como se ten demostrado en Carballo, Pontevedra, Allariz, Bueu, Ribadeo, Muras, Tomiño, Rianxo e tantos outros, son transformadores, cambian a realidade para mellorar os servizos ofrecidos á súa veciñanza. As iniciativas políticas destes gobernos teñen sido destacadas por medios nacionais e internacionais e todas teñen un nexo común: fan das súas localidades mellores lugares onde vivir. Culleredo ten todo o potencial para ser un lugar privilexiado para vivir, formar un fogar, estudar, traballar, desfrutar, mercar...

### **Ensino**

A situación do ensino en Culleredo é un dos mellores exemplos da falta de planificación do goberno local e da súa submisión fronte a decisións irracionais da Xunta de Galicia. A deixadez do Concello e da Xunta lévanos a unha situación de desorganización e desaproveitamento das infraestruturas existentes, así como a unha clara falta de servizos para a conciliación familiar. Nas últimas décadas temos visto como os nosos centros educativos masificaban as súas aulas e perdían servizos como aulas de idiomas, laboratorios, bibliotecas... mentres novas infraestruturas demoraban a súa construción e eran inaugurados sen servizos tan necesarios como o de cociña e comedor. Esta situación non fai máis que afondar na alta taxa de fracaso escolar que sofre o noso concello. Para corrixir esta situación, propoñemos:

- Redactar un Mapa Escolar Municipal en colaboración con todos os membros da comunidade educativa para dar sentido á zonificación escolar dos nosos centros e que as nosas crianzas e mocidade non teñan que pasar horas a diario no transporte escolar.
- Dotar a todos os centros educativos do noso municipio de servizos fundamentais para a conciliación familiar: comedores con cociña, servizos de madrugadores, actividades extraescolares e aulas de estudio...
- Construír un novo Instituto de Educación Secundaria na área rural do noso concello e un novo centro de educación infantil preescolar na área urbana.
- Reclamar a apertura e posta en funcionamento do espazo inutilizado no centro de educación infantil da Fonte da Balsa.
- Fomentar e poñer en valor os servizos ofrecidos polas aulas do Centro Rural Agrupado (CRA) como espazos de escolarización temperá no rural, básicos para a fixación de poboación nestes núcleos.
- Crear, sinalar e protexer camiños seguros para os desprazamentos a pé aos centros escolares.
- Dotar de patios cubertos a todos os centros escolares do municipio.
- Traballar para a incorporación de novas modalidades de Bacharelato nos nosos centros de Educación Secundaria.
- Promover novos módulos de Formación Profesional ligados á actividade produtiva do Concello, de cara a fornecer á industria e ao comercio local de persoal titulado. Asemade, promover que empresas do noso concello acollan a estudantes de Formación Profesional durante o período de prácticas.
- Ampliar as bibliotecas municipais do Burgo e Vilaboa con aulas de estudio e de traballo en grupo, e incluír novas bibliotecas nas ampliacións de centros sociais da área rural.
- Poñer en marcha un Plan de loita contra o fracaso escolar, de cara a diminuír a proporción de estudantado que remata sen título a etapa de educación obrigatoria.
- Crear servizos públicos de atención especializada con logopedas, psicólogos e especialistas de apoio para as nosas crianzas e mocidade.
- Recuperar a Escola de Pais e Nais como servizo formativo e consultivo.
- Aproveitar as instalacións educativas e deportivas dos centros públicos para o seu uso por parte da cidadanía fóra do horario escolar.
- Establecer novas rutas de transporte metropolitano para favorecer os desprazamentos á Universidade.

## Emprego e Comercio

O noso modelo de promoción económica baséase na promoción do desenvolvemento económico local, facendo especial fincapé no comercio de proximidade e nas medidas de formación para a mellora da inserción laboral. Entre as nosas medidas para fomentar o comercio local e o pleno emprego, propoñemos:

- Constituír “Centros Comerciais Abertos” entre os comercios das zonas urbanas con medidas específicas de promoción por parte do Concello en canto a imaxe, mercadotecnia...
- Establecer campañas de promoción do comercio local co obxectivo de fomentar as vendas e a concienciación da veciñanza dos valores do comercio local.
- Fomentar convenios publicitarios entre os comerciantes e Radio Culleredo para a súa promoción cruzada.
- Restringir o establecemento de grandes superficies comerciais.
- Impartir cursos de formación para o aproveitamento das novas tecnoloxías e redes sociais polos nosos comerciantes.
- Establecer medidas que promovan a ocupación de locais comerciais baleiros.
- Colaborar cos comerciantes na posta en marcha de cursos de formación para a mocidade.
- Poñer en marcha un Viveiro de Emprendedores, preferentemente en industrias vinculadas ao ámbito das novas tecnoloxías e ámbitos de actividade xa existentes no concello, de xeito que titulados universitarios e de Formación Profesional poidan levar a cabo proxectos empresariais ligados ao territorio.
- Crear un Plan de Emprego que fomente a diversificación sectorial, tendo en conta as posibilidades e oportunidades na área rural, e que fomente a creación de emprego en novas actividades.
- Aumentar os recursos humanos e materiais para fomentar un servizo de asesoramento empresarial e de orientación profesional efectivo e eficaz para persoas en situación de desemprego ou que desexen iniciar unha actividade económica por conta propia.
- Colaborar cos responsábeis de áreas industriais e as asociacións de empresarios e comerciantes para fomentar a instalación de novas empresas no noso concello e fomentar o pleno emprego da nosa veciñanza.

## Saúde

Culleredo continúa a presentar un déficit importante en servizos sanitarios públicos, e a súa accesibilidade segue tendo dificultades para a veciñanza da área rural. Para garantir que os cullerdenses reciban os mellores servizos sanitarios públicos, propoñemos:

- Reservar espazo no PXOM para a construción dun Centro de Saúde na área rural.
- Implantar servizos non presentes na actualidade nos servizos sanitarios no concello, como Xinecoloxía, Radiodiagnóstico ou Orientación Familiar.

- Mellorar as conexións por transporte público cos centros de saúde do concello e estudar a implantación de servizos de transporte a demanda para poder acudir ao centro médico.
- Poñer en marcha unha campaña de fomento de hábitos saudábeis de alimentación e exercicio físico en colaboración coas ANPAS e outras entidades do concello.
- Desenvolver un plan para a prevención da enfermidade na velez, aumentando as prazas en actividades físicas para os nosos maiores e creando grupos de actividade física por parroquias, construír novos parques biosaudábeis e vías verdes seguras, obradoiros de memoria e ocupacionais...
- Levar a cabo plans específicos de actuación sobre todo tipo de adiccións e drogodependencias, en colaboración coas entidades sociais do noso concello.

## Medioambiente

Culleredo conta cunha contorna natural que, en numerosas ocasións, e tratada con desprezo polo goberno municipal. Desde o BNG demandamos a súa protección e fomento, tanto polo valor que por si mesmo ten vivirmos nun entorno coidado, como polas potencialidades económicas que crea. É por isto que propoñemos:

- Recuperar definitivamente a Ría do Burgo, coa erradicación total de verquidos e a súa rexeneración medioambiental e produtiva, para así poder aproveitarmos a súa riqueza paisaxística, ambiental e marisqueira.
- Devolver a península que ocupaba a fábrica da Bunge ao seu estado natural. Esta área verde ao borde do Río Mero exercería novamente a súa función de decantador natural dos lodos arrastrados pola corrente.
- Protexer e pór en valor o Monte Xalo, facendo cumprir a Lei de Montes e potenciando os seus valores como espazo de lecer e de educación ambiental. Redacción dun plan de posta en valor das especies animais e vexetais que forman parte do seu ecosistema.
- Esixir a reforestación do Parque de Acea de Ama, pulmón urbano do noso concello que nos últimos anos sufriu numerosos ataques por parte da administración local e autonómica, sen repoñer as árbores que foron taladas ou que caeron por unha completa falta de mantemento.
- Establecer limpeza periódicas dos ríos, levadas a cabo mediante modelos de intervención mínima. Erradicación das actuacións con maquinaria pesada nas canles fluviais.
- Declarar o paseo fluvial do Río Trabe como Espazo Natural de Interese Local, incluíndo un plan específico de rehabilitación e conservación.
- Tomar medidas de aforro enerxético, substituíndo todas as luminarias contaminantes e empregando alternativas baseadas en enerxías renovábeis para a climatización dos edificios municipais.



- Diseñar unha rede de calor urbana con biomasa (District Heating) no Parque de Acea de Ama, que permita dar servizo a todos os centros educativos públicos da área.
- Recuperar ambientalmente o Monte Costa e a canteira de Sésamo.
- Diseñar un plan de limpeza e deseucaliptización dos nosos montes, fomentando e asesorando aos propietarios sobre a plantación de árbores autóctonas e a protección fronte aos lumes.
- Diseñar e executar un plan de eliminación de especies invasoras, especialmente da herba da pampa e a avéspera velutina.

## Mobilidade

O territorio de Culleredo está atravesado por varias vías de comunicación, das cales sufrimos as molestias e non podemos disfrutar as vantaxes. O BNG quere cambiar a estratexia de transporte no noso concello, propoñendo un novo modelo no que primen os peóns e as bicicletas sobre os vehículos, e o transporte público sobre o particular, onde poidamos disfrutar de compensacións pola presenza de infraestruturas supramunicipais e no que se busquen solucións aos problemas de mobilidade no noso concello. Para isto propoñemos:

- Poñer en marcha un plan de eliminación de barreiras de mobilidade, para que a totalidade das infraestruturas municipais sexan accesíbeis para persoas con mobilidade reducida.
- Redactar e poñer en marcha un plan comarcal de mobilidade, que aproveite os recursos xa existentes e dote dun mellor transporte público a Culleredo, en colaboración cos concellos da contorna.
- Crear novas liñas de transporte público que conecten Culleredo cos nosos centros de saúde e os centros hospitalarios da cidade, así como coa Universidade e os principais polígonos industriais da contorna.
- Instaurar bonificacións municipais a colectivos especiais na rede de transporte público.
- Recuperar as liñas de ferrocarril que atravesan o Concello, modernizándoas para a súa conversión nun servizo de proximidade entre A Coruña e Ferrol, con novas frecuencias.
- Rehabilitar a Estación do Burgo, impulsando o seu uso, procurando o seu mantemento e incorporando novos servizos como máquinas de billetes...
- Construír un apeadoiro en Fonteculler, á altura da Rúa Pasaxe.
- Reordenar as liñas de autobuses, de forma que os horarios se adecúen ás necesidades da veciñanza e non ás das empresas, aumentando as frecuencias, especificamente na zona rural, e cubrindo novas zonas como Monte das Arcas e A Zapateira.

- Crear unha rede de aparcadoiros provisorios na área urbana, mediante convenios de colaboración con propietarios de fincas abandonadas e en desuso.
- Converter o antigo aparcadoiro do aeroporto nun aparcadoiro disuasorio, conectado mediante o sistema de transporte metropolitano tanto a diferentes puntos do concello como da cidade da Coruña.
- Analizar a efectividade das zonas de aparcamento temporal limitado para readaptalas ás necesidades de cada zona e implantalas nos centros de saúde para que poidan ser utilizados polos usuarios do centro.
- Estender os carrís bici e os puntos de préstamo de bicicletas a todas as parroquias do concello e mellorar as instalacións para a súa custodia e mantemento, de xeito que se facilite o uso da bicicleta como medio de transporte.
- Promover unha Rede Municipal de Vías Verdes que conecten todas as parroquias, sinalizadas e mantidas polo Concello para ser empregadas tanto como rutas de transporte seguro a pé como para a práctica deportiva.
- Completar a rede de beirarrúas nas principais vías de cada parroquia.
- Crear, sinalar e protexer camiños seguros para os desprazamentos a pé aos centros escolares.
- Mellorar a seguridade de vehículos e peóns na N-550 á altura de Vilaboa e Albedro, humanizando a estrada e modificando interseccións e pasos de peóns perigosos (Avenida de Vilaboa coa Rúa Alejandro Pérez Lugín, coa Rúa Vicente Risco ou coa Rúa Conduzo, na Fonte da Balsa, ao paso por Albedro...).
- Mellorar a seguridade de peóns nas estradas en zonas rurais como, por exemplo, na AC-523 ao seu paso por Ledoño, coa construción de pasos superiores e inferiores.
- Rematar a rede viaria urbana necesaria para a eliminación de tapóns de mobilidade (alternativa á Rúa Laxe, rematar a Rúa Pablo Picasso no Burgo ou a Rúa María Cagiao na Corveira...), mediante un deseño o menos invasivo posíbel.
- Construír unha nova conexión co Concello de Cambre á altura da Barcala.

## Novas Tecnoloxías

No século XXI o acceso á rede é un dereito básico da cidadanía e, como tal, o goberno municipal debe asegurar que así se cumpra en toda a extensión do concello. Para cumprir o obxectivo de que Culleredo sexa un concello sen fenda dixital, propoñemos:

- Completar a cobertura de Internet no 100% do territorio, fomentando a chegada da fibra óptica a cada parroquia do concello, e complementando con alternativas WIMAX nos lugares que non poidan ser cubertos.

- Establecer zonas WIFI de balde en todos os edificios municipais, así como noutros lugares de especial importancia no concello.
- Instalar ordenadores con conexión a internet nos centros sociais e bibliotecas municipais.
- Impartir cursos de formación en novas tecnoloxías e, nomeadamente, de cursos de alfabetización dixital.
- Crear programas de concienciación no uso responsábel da Rede, especialmente en cuestións de privacidade, redes sociais, servizos de pago...

## 03

# Firmeza na defensa dos intereses de Culleredo

Se algo temos claro no BNG é que a función principal dos concellos é a de defender os intereses da súa veciñanza e estar ao seu servizo, ao servizo dos intereses da xente común, e non dos especuladores.

Culleredo é un concello cunha situación privilexiada no centro da Comarca da Coruña, o que supón grandes posibilidades, pero ser un nexo de comunicación tamén impón grandes retos. O noso territorio está atravesado por moitas vías de comunicación: ferrocarril, autoestrada, autovía, aeroporto... e en múltiples ocasións parece que Culleredo non conta á hora de reclamar beneficios polas molestias causadas por estas infraestruturas supramunicipais.

Como pode ser que Culleredo sexa atravesada de leste ao oeste pola autoestrada AP-9 pero non teñamos acceso directo a ela? Como pode ser que o acceso ao CEIP Isaac Díaz Pardo se teña que facer por un túnel baixo esta autoestrada que non cumpre uns mínimos de visibilidade e seguridade? Como pode ser que esta vía discorra por unha área urbana como a do Burgo-Vilaboa-Laxe sen que se impoñan ningunha medida de limitación do ruído que soportan os seus veciños? Merecemos máis...

Como pode ser que levemos anos xa cunha pésima calidade no servizo de subministro de auga potábel, tendo en conta que a empresa que leva o servizo o fai de

maneira ilegal, sen contrato vixente? Como pode ser que o Concello de Culleredo non teña sacado a concurso un servizo polo que ademais se prevé o ingreso nas arcas públicas dun cuantioso canon anual? Merecemos máis...

Acaso non é momento xa de que as administracións deixen de traficar con promesas de limpar a Ría do Burgo? Como pode ser que sigamos acumulando lodos e perdendo postos de traballo no marisqueo? Merecemos máis...

Que fixo o goberno local para frear a caída e a tala de árbores no Parque de Acea de Ama? En que melloraron as estradas provinciais e nacionais, como a Avenida de Vilaboa ou a de Fonteculler, desde a súa transmisión ao Concello? Como pode ser que centos de veciños vivan en constante situación de desasosego por saber o valor que perderá a súa vivenda coas constantes ampliacións do aeroporto? Merecemos máis...

Nos últimos anos de oposición do BNG no Concello de Culleredo vivimos situacións esperpénticas como que a Concelleira de Educación pase dun día para outro de reclamar a apertura do novo colexio de Vilaboa, a dicir ao día seguinte que concorda coa Xunta de Galicia en que xa non é necesario...

Merecemos máis. O BNG de Culleredo primará a defensa dos intereses das cullerdenses ante calquera administración provincial, autonómica ou estatal. Levará por bandeira a defensa do interese común fronte a calquera empresa privada, chámese Audasa ou Gestagua. É por isto que propoñemos:

- Reclamar ao Ministerio de Fomento un acceso directo desde Culleredo á AP9, nomeadamente desde a estación de servizo en Almeiras.
- Reclamar a Audasa a ampliación do acceso ao CEIP Isaac Díaz Pardo e medidas de redución do ruído en todo o tramo urbano do paso da AP9 por Culleredo.
- Reclamar a Gestagua e Emalcsa compensacións pola baixa calidade do servizo de auga potábel, contén ou non con contrato para prestalo, xa que continúan a beneficiarse da súa explotación.
- Reclamar á Comisión Europea que se investigue o destino dos cartos orzamentados para a rexeneración da Ría do Burgo, e reclamar do Ministerio correspondente prazos e financiamento para a limpeza da ría e a súa recuperación medioambiental e produtiva.
- Reclamar á Xunta de Galicia a reposición inmediata das árbores taladas no Parque de Acea de Ama, así como a recuperación dos espazos públicos do parque que se perderon pola súa falta de mantemento, sexan responsabilidade da administración ou da empresa concesionaria para, a continuación, transferir a súa propiedade e xestión ao Concello de Culleredo.
- Reclamar á Consellería de Educación o deseño dun Mapa Escolar claro e con visión de futuro para Culleredo, para poder rematar coas incongruencias na zonificación que provoca a masificación de centros e que as nosas crianzas e mozos teñan que pasar horas nun autobús.

- Reclamar a ADIF a recuperación da Estación do Burgo e a instalación de servizos mínimos e necesarios para o acceso ao ferrocarril: sinalización de horarios, servizo de despacho de billetes... así como medidas de seguridade na separación entre as vías do ferrocarril e outras vías públicas, especialmente na Rúa Ferrocarril.
- Reclamar ao Consorcio das Mariñas melloras no servizo de recollida de lixo, a situación e calidade dos contedores, e a separación e reciclaxe de residuos.

## 04

# Servizos públicos co foco na veciñanza

O BNG defende un modelo de servizos públicos de calidade, buscando un modelo de xestión directa, evitando o negocio das privatizacións, que lonxe de ser a panacea que nos adoitan vender, encarecen e empobrecen o servizo e son foco de prácticas corruptas. Por isto propoñemos:

- Remunicipalizar as concesións asumíbeis polo Concello e, nomeadamente, dos subministros de auga, saneamento e recollida de lixo, rebaixando o pago feito pola veciñanza ao eliminar o lucro da concesionaria, e mellorando a calidade do servizo que, no últimos tempos, ten sido altamente mellorábel.
- Remunicipalizar os servizos de limpeza viaria e mantemento de vías públicas, para mellorar a calidade dos servizos prestados e evitar prácticas ilegais como a acumulación de contratos menores por un mesmo servizo.
- Estudar novos sistemas de recollida de lixo que permitan mellorar a súa calidade: a eficiencia na recollida, o número e localización dos puntos de recollida, a promoción da reciclaxe e compostaxe, ampliando os programas de recollida selectiva e os puntos de recollida de residuos especiais, para rematar cos vertedoiros ilegais no noso concello.
- Impulsar Radio Culleredo, aumentando a pegada da súa cobertura e fomentando o seu desenvolvemento como radio comarcal ao servizo da veciñanza e o comercio local a través de convenios publicitarios.

# 05

## Urbanismo con sentido

O BNG defende un modelo urbanístico sustentábel e humanizado, onde o benestar social da veciñanza sexa o principio fundamental. Fronte a plans creados “a medida” para dotar de legalidade os intereses dos especuladores, o BNG procurará que o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal permita completar a malla urbana e facer medrar os núcleos tradicionais para dotalos de máis e mellores servizos e conexións. Fronte a novas macro-urbanizacións plantexadas polo goberno municipal no proxecto de PXOM, o BNG propón empregar o Plan Xeral para eliminar barreiras de comunicación entre a área urbana e a rural, rehabilitando edificios e espazos degradados. Para isto, propoñemos:

- Impulsar a finalización do PXOM, aprobado provisionalmente e adiado perpetuamente polo goberno municipal, coa incorporación de medidas correctoras para asegurar a sustentabilidade do desenvolvemento urbano de Culleredo, procurando un modelo centrado na mellora dos servizos públicos e o benestar da veciñanza.
- Facer unha reserva de solo suficiente para a distribución sensata, na área urbana e na rural, de novos equipamentos necesarios, tanto educativos, como sociais e deportivos.
- Crear Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) nas zonas con edificacións de máis de 25 anos tales como as Rúas Hersa e Sanjurjo de Carricarte, Fonteculler, Fonte da Balsa... para fomentar actuacións de conservación, accesibilidade e eficiencia enerxética, tanto nas edificacións como nos espazos públicos.
- Deseñar e executar un plan de eliminación de barreiras arquitectónicas de cara a facer Culleredo un concello 100% accesíbel.
- Fomentar a ampliación da malla urbana en Vilaboa e A Corveira, de cara a crear un núcleo urbano cohesionado que permita a ampliación e mellora de servizos públicos e conexións con outras parroquias do concello, os hospitais, a Universidade e a cidade da Coruña.
- Traballar pola mellora da conexión entre a área da Cros, O Burgo e Almeiras, acometendo a cobertura das vías do ferrocarril con financiación público-privada, para que os promotores urbanísticos que tamén se verán beneficiados, colaboren neste proxecto de desenvolvemento urbano. Coa execución da cobertura das vías se crearían novos espazos públicos e se permitiría completar a Rúa Pablo Picasso, dotando dunha nova alternativa que desconxestione o tráfico no Burgo.
- Facer unha reserva de solo para vivenda social acorde ás necesidades da poboación.

- Poñer en marcha un plan integral de mantemento de instalacións e elementos urbanos públicos que permita reducir a sangría orzamentaria dirixida actualmente a renovar, unha e outra vez, espazos públicos en decadencia por falta de mantemento.
- Diseñar e executar, en colaboración coa veciñanza e o comercio local, un plan de aparcadoiros na área urbana, así como a erradicación de solares abandonados.
- Construír un parque funerario municipal para dar servizo á veciñanza e cumprir cos servizos públicos mínimos esixidos a un concello do noso tamaño.

## 06

# Políticas sociais activas

O BNG de Culleredo posúe unha grande experiencia no ámbito do benestar social, unha área municipal que consideramos fundamental. Nos últimos anos observamos con preocupación como Culleredo perdeu o rol activo e impulsor de políticas sociais polas que destacou no pasado, para pasar a ser un simple administrador de axudas, unha peza na inmensa rede burocrática da asistencia social no noso país.

Comprometémonos a que no Concello de Culleredo se asegure a loita polos dereitos sociais e que a loita contra a pobreza, a exclusión social, a desigualdade e a discriminación se sitúen no centro da axenda política. Fronte ao actual modelo de asistencia municipal baseado na externalización de servizos e a tramitación de axudas e subvencións, propoñemos unha xestión centrada na persoa e nos colectivos máis vulnerábeis da nosa sociedade. A nosa acción de goberno estará centrada en:

- Reivindicar uns servizos sociais públicos e con cobertura universal, co obxectivo de cubrir o 100% da demanda nesta lexislatura, e acurtando os prazos para dar resposta a situacións de emerxencia en 72 horas.
- Poñer en marcha unha Estratexia Local de Inclusión Social con plans específicos para a igualdade da muller e da comunidade LGTBI+, de educación na diversidade, de emerxencia social, contra a pobreza e contra a soidade, establecendo obxectivos específicos e cuantificábeis de inclusión social e laboral dos colectivos sociais máis vulnerábeis.
- Renovar e mellorar a calidade do servizo de atención domiciliaria, aumentando as horas ata acadar o 100% da demanda.
- Poñer en funcionamento unha residencia pública de persoas maiores.

- Crear un centro e un programa de respiro familiar para as familias con persoas dependentes.
- Poñer en marcha un Consello Municipal das Mulleres para facer del un órgano con iniciativa para elevar propostas ao Consello Xeral de Participación Cidadá, reforzando a presenza e capacidade de decisión das mulleres no conxunto da nosa sociedade.
- Promover e aumentar a dotación do Centro de Información da Muller (CIM).
- Aprobar un Plan de Emerxencia ante situacións de violencia de xénero, e poñer en marcha programas de sensibilización en materia de igualdade en colaboración cos centros de ensino.
- Potenciar medidas de conciliación familiar en todos os centros educativos públicos: programas de madrugadores, aulas de estudio, actividades extraescolares, servizos de comedor con cociña...
- Crear un mapa de servizos, en colaboración coas entidades sociais no noso municipio, a disposición da veciñanza e dos colectivos sociais en risco de exclusión como persoas migrantes, paradas de longa duración, familias monoparentais, persoas maiores...
- Poñer en marcha un plan de eliminación de barreiras de mobilidade, para que a totalidade das infraestruturas municipais sexan accesíbeis para persoas con mobilidade reducida.
- Poñer en marcha un Banco de Vivendas, que sirva de mediador entre persoas que precisan unha vivenda e as persoas e entidades propietarias de vivendas baleiras.
- Garantir as subministracións básicas dependentes do Concello (auga, recollida de residuos, saneamento...) a persoas en situación de vulnerabilidade.
- Promover actividades de implicación interxeracional como clubs de lectura e de teatro, agrupacións musicais, actividades de narración oral, cursos de alfabetización dixital...
- Adoptar unha política de contratación pública socialmente responsábel, que introduza de oficio en todas as licitacións públicas cláusulas que favorezan a inclusión, o emprego, a accesibilidade e a economía de actividade social por parte ou en favor de grupos en situación de vulnerabilidade.



# 07

## Espazos para o deporte e o lecer

Culleredo é sinónimo de deporte. O labor dos clubs deportivos do noso concello non se mide só no número de trofeos que acadan, que son moitos, senón tamén no seu labor social e no gran número de mozos e mozas que teñen pasado polas súas filas.

A colaboración entre os clubs de deporte base e o Concello debe reforzarse e estenderse, con especial atención aos deportes non maioritarios e aos equipos femininos, para que todas e todos poidamos atopar o noso oco no deporte cullerdense. Desde o BNG de Culleredo propoñemos un modelo de relación coas entidades deportivas que abra as portas a colaboracións na xestión da programación deportiva municipal, das actividades de ocio activo, dos campamentos de xestión pública, das actividades extraescolares... e ao mesmo tempo permitan a ampliación da base social das súas organizacións.

É imprescindible que a actividade municipal no referente ao deporte amplíe os seus horizontes, cun Plan de fomento de actividades saudábeis que chegue a todos, pequenos e maiores, aproveitando o atractivo da actividade deportiva, para fomentar a aproximación do Culleredo rural e o urbano. Para alcanzar este obxectivos, propoñemos:

- Fomentar o apoio do Concello aos equipos de deporte base de todas as disciplinas deportivas, mediante o establecemento ou renovación de convenios específicos que cubran a cesión de instalacións, a subvención de viaxes a competicións e a colaboración na xestión de escolas deportivas municipais.
- Prestar especial atención e apoio aos equipos femininos e de deportes non maioritarios.
- Construír unha nova piscina municipal que poda acoller adecuadamente o adestramento e competición dos clubs de deportes de auga presentes no concello.
- Recuperar a contorna da Lagoa de Fonteculler, no paseo marítimo, como espazo de lecer e deporte.
- Construír, baixo un deseño colaborativo cos usuarios, unha pista de adestramento para corredores no paseo marítimo, diferenciada do carril bici.

- Diseñar un plan de mantemento específico para as instalacións deportivas existentes, con especial atención a espazos abandonados, como as pistas polideportivas en Fonteculler e Vilaboa.
- Aproveitar as instalacións deportivas dos centros públicos para o seu uso por parte da cidadanía fóra do horario escolar.
- Construír, sinalizar e manter adecuadamente unha rede de vías verdes municipais, para a comunicación a pé ou bicicleta de todas as parroquias do concello, e a práctica do deporte.
- Crear sobre as vías do ferrocarril a Meirama inutilizadas unha gran Vía Verde que conte ademais con espazos para a práctica da escalada.
- Fomentar, protexer e poñer en valor os valores medioambientais e deportivos do Monte Xalo.
- Promover a actividade deportiva na Ría do Burgo.
- Fomentar a celebración de probas deportivas populares.

## 08

# Motor de creación cultural

A promoción cultural levada a cabo polo Concello de Culleredo é moi cativa para un concello da nosa poboación e relevancia. Falan desta desatención á Cultura por parte do goberno municipal a escaseza de espazos axeitados para a exhibición de espectáculos musicais ou de artes escénicas no noso concello. Desde o BNG cremos necesario realizar unha política cultural activa, que faga pasar a actividade municipal da exhibición á creación, en definitiva, que fomente a creatividade existente en Culleredo e sexa o seu principal escaparate. Unha política cultural na que as entidades culturais teñan o papel protagonista, e na que as infraestruturas do noso concello constitúan unha referencia para actividade cultural comarcal. Para lograr transformar a política cultural de Culleredo, propoñemos:

- Fomentar a cultura da creación e participación, poñendo os espazos públicos municipais ao servizo dos creadores do noso municipio para a realización de actividades públicas que permitan o achegamento da súa labor á veciñanza de Culleredo.
- Abrir os espazos de exhibición de artes escénicas actuais, Servizos Múltiples, Conservatorio, Auditorio da Laboral... aos creadores e a todas as asociacións e agrupacións culturais do noso municipio.

- Poñer Radio Culleredo ao servizo dos creadores e agrupacións culturais para a promoción do seu traballo e actividades.
- Crear un estudo de gravación no Conservatorio a disposición dos creadores e agrupacións culturais, e insonorizar aulas de estudo para o seu uso por parte do centro e como salas de ensaio fóra das horas lectivas.
- Ampliar as bibliotecas existentes en Vilaboa e O Burgo, engadindo espazos de traballo en equipo e aulas de estudio.
- Construír novas bibliotecas en Fonteculler e as parroquias do rural como parte da ampliación dos seus centros cívicos.
- Diversificar a programación cultural municipal, de cara a achegala a todos os grupos sociais e todas as parroquias do concello.
- Colaborar cos centros de ensino primario e secundario para a difusión das actividades culturais no concello.
- Promover a participación das entidades e asociacións sociais e culturais na xestión cultural do noso concello, afortalando as redes asociativas.
- Poñer en valor o noso patrimonio histórico, artístico, ambiental e arqueolóxico, coa creación dun catálogo, un plan de mantemento e un plan de difusión de cara ao seu desfrute por parte da veciñanza e a mellora da atracción turística, acreditando no noso patrimonio como fonte de riqueza.

## 09

# Unha ponte entre o urbano e o rural

Culleredo é nexo de unión entre a urbe, a cidade da Coruña, as áreas industriais, os centros de comercio, as oficinas... e unha fermosa contorna rural que rodea a Comarca da Coruña. Sen embargo, dentro do noso propio concello non se fomenta o recoñecemento desa diversidade, os seus beneficios e as súas potencialidades.

Cantos nenos e nenas da Corveira, Vilaboa, O Burgo... nunca visitaron o Rego das Xesteiras? Cantos veciños de Bregua teñen dificultades para acudir ao seu centro médico ou a unha biblioteca pública? Cantos mozos de Fonteculler ou Acea de Ama non viron nunca Culleredo e toda a súa contorna desde o Monte Xalo? Cantos cativos

de Sésamo, Sueiro, Celas ou Castelo non contan con facilidades para acudir a unha representación teatral no Burgo?

O BNG quere rachar con estes muros invisíbeis e facer que os e as cullerdenses disfruten e saquen o máximo partido dun territorio que lles ofrezca os mellores servizos e os mellores espazos para o ocio e o lecer.

# 10

## **Orgullo de ser de Culleredo**

Non se precisa de máis palabras... Os membros da candidatura do BNG á Alcaldía de Culleredo somos veciñas e veciños que reivindicamos o orgullo de ser de Culleredo. A actual situación de desatención e desaproveitamento do noso patrimonio e os nosos recursos, non está á altura do noso amor por Culleredo. Temos as ideas claras e o equipo adecuado para facer de Culleredo un concello a imitar e do que sentimos orgullosos.